

## PROPOSTAS PARA 1º do 16 ao 20:

**20 de marzo:** Hoxe empezou a **primavera**, así que durante estes días, **podedes** facer cos nenos un mural sobre **A PRIMAVERA**: con flores, árbores con flores, paxaros, bolboretas, etc. Preguntádelle aos nenos que podedes poñer e con que material o podedes facer. Logo pegalo na ventá.

Durante estes días porei as actividades que deben ou poden facer os nenos durante a semana próxima.

**17 de marzo:** Como vai iso? Máis recomendacións, para que non se aburran:

- **DIARIO:** Os nenos poden ir facendo un diario do que van facendo cada día, nunha libretiña, mellor pautada, ou folios dobrados e grapados. Poñer data, escribir algo do que fixo ese día e facer un debuxo ou pegar unha foto.

**16 de marzo:**

Aquí vos deixo algunhas fichas e material para lectoescritura, ciencias e mates, para ir facendo estes días que os nenos están confinados en casa.

Son consciente de que hai familias que non teñen impresora na casa. Para estas familias e para todas en xeral, cousas que os nenos deben/poden facer :

- **ESCRIBIR** algo todos os días: diario, lista da compra, etc.
- **LER** todos os días un pouco: contos, etiquetas, receitas, instrucións, etc.
- **DEBUXAR**
- **CONTAR** cantidades cada vez máis grandes de garbanzos, canicas ou outras cousas, facendo grupos de 10 (decenas) para facilitar o conteo.
- facer **SUMAS E RESTAS** sinxelas (ata o 20) xogando con materiais (garbanzos, céntimos, euros, galletas, etc) e logo poñendo as contas nunha libreta ou nun folio. Recollede todo ese material que os nenos fagan, para traer ao cole cando volvamos. Incluso poden facer repartos con materiais manipulativos (introdución á división)

- **PLANTAR** : Elena suxeríulles aos nenos que viñeron o venres facer o seguinte do crecemento nunha pranta, como feixóns, garbanzos, ( <https://www.youtube.com/watch?v=BbYHwEfbtpk> ) ou allos ( <https://www.youtube.com/watch?v=2c1b4eTF6CM> ). Pode ser do que queirades, hai mogollón de exemplos en internet. Facede unha ficha de seguemento con debuxos ou fotos e escribindo o que vai pasando. Cando volvamos podemos plantar todo na horta do cole(pode ser no DIARIO)
- Tamén teñen un montón de actividades, fichas, xogos interactivos, etc. no [blogue de 1º ciclo](#), (fichas e xogos interactivos en VEDOQUE, ou no lateral dereito)

**FICHAS:** (os alumnos que viñeron o venres, xa as levaron, pero hai máis cousas)

- [Ficha matemáticas](#) con escaleira de regletas, series numéricas e problemas.
- [Clasificación de animais \(ficha consulta e para aprender\)](#)
- [Vídeo sobre animais](#) para ver e aprender
- [Ficha do león](#)
- [Suma y colorea pez](#)

OUTRAS FICHAS: (facer unha de mate cada día)

- [Fichas de sumas e restas para ir facendo](#)

XOGOS:

- [Dominó animais \(para imprimir e xogar\)](#)
- [Dominó samain \(para imprimir e xogar\)](#)

[FICHAS DE COMPRESIÓN DO CONTO](#): para facer unha cada semana con algún conto que lean. Hai unha en castelán e outra en galego, segundo sexa o conto.